



VII CONCURSO CARTEL ANUNCIADOR DO XXIII FESTIVAL DE BANDAS DE MEAÑO 2014

BASES

A Asociación Cultural Unión Musical de Meaño organiza o VII Concurso Cartel para anunciar o XXIII Festival de Bandas de Música, que se celebrará, como vén sendo habitual, o último domingo do mes de abril.

- 1) Poderán tomar parte neste concurso todas aquelas persoas que o desexen sen límite de idade.
- 2) Cada participante poderá presentar un máximo de dous traballos.
- 3) Todos os traballos presentados deberán versar sobre a música, debendo suxeitarse en sensibilidade e técnica ao que é propio do cartel e non da pintura, e contar cunha clara finalidade divulgadora.

Ademais, deberán incluír de maneira visible os seguintes textos:

- a. XXIII Festival Bandas de Música
- b. Meaño 2014

- 4) Os carteis, orixinais e inéditos, virán montados en soporte ríxido (bastidor ou cartón pluma).
- 5) Os orixinais poderán ser executados con liberdade de procedemento, facéndose de xeito que a súa reprodución non ofrezca dificultades e non esixa máis de cinco tintas, quedando excluídas as tintas metálicas, as douradas e prateadas, e as cores fluorescentes.

No caso de empregarse o ordenador, presentárase unha copia do cartel a cor de alta resolución. En todo caso o autor estará obrigado a presentar un disco (magneto óptico, CD, Zip etc) con todos os arquivos e fontes tipográficas empregadas, necesarios para a obtención dos fotolitos, e asimismo, adxuntárase unha ficha indicando o entorno informático (MAC ou PC), e o programa ou procedemento empregado.

No caso de conter imaxes pixelizadas (TIFF, EPS, BMP, PHOTOSHOP...), estas deberán estar en alta resolución, é dicir, 300 píxeles por pulgada a tamaño de impresión e en cores CMYK. O autor será responsable da correcta realización dos arquivos informáticos aportados, e no caso de que o seu cartel sexa premiado, deberán facilitar os elementos ou arquivos por capas que a imprenta poida precisar para unha perfecta reprodución.

En ningún caso se admitirán carteis nos que se empregaran imaxes ou plaxios de imaxes, doutros autores ou institucións.

En canto ao uso de fotografías ou elementos escaneados reais, non serán aceptadas aquelas que, por representar a persoas, animais ou cousas, sexan susceptibles de ser impugnadas ou reclamados os seus dereitos de utilización, por persoas e institucións que poidan acreditar a súa propiedade, sendo o autor o responsable único ante calquera incidencia que por estes motivos se puidese producir.

- 6) Os traballos presentaranse cun lema que deberá figurar no dorso da obra sen ningún outro dato.

En sobre pechado, aparte, incluírase o nome e apelidos do autor, (ou autores, se actúan en equipo), domicilio e teléfono, fotocopia do DNI, e enderezo electrónico. Ademais incluírá o lema e a declaración firmada á que se refire a Base 12ª., así como o nome do medio polo cal se enterou deste concurso. Os estudantes farán constar e acreditarán, ademais, a súa condición de tales.

No exterior deste sobre, unicamente aparecerá o indicado lema, sen ningún outro texto ou contrasinal.

- 7) O lugar de presentación dos traballos será o Rexistro Xeral do Ilmo. Concello de Meaño, e o prazo de presentación de traballos rematará o **venres 31 de xaneiro de dous mil catorce**. Por cada entrega expedirase fotocopia do sobre co lema e data de rexistro de entrada.

- 8) Cos bocetos admitidos celebrarase unha exposición no Hotel-Restaurante “Quinta de San Amaro” (Rúa San Amaro, nº 6, Meaño, Pontevedra) dende o 1 febreiro ata o 16 de marzo 2014.

Os visitantes da exposición poderán votar e valorar os traballos expostos no prazo mencionado. Estas votacións teranse en conta á hora da valoración por parte do xurado competente.

- 9) O xurado estará composto polo Presidente da Asociación e tres vogais designados pola Xunta Directiva da Banda. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un representante do Concello de Meaño.

- 10) Outorgaranse os seguintes premios:

1. 1º PREMIO: Cheque ao portador de 300 €, ademais dunha cea para 2 persoas con aloxamento e desayuno, no Hotel Restaurante “Quinta de San Amaro”.

2. 2º PREMIO: aloxamento e desayuno para dúas persoas no Hotel Restaurante “Quinta de San Amaro”.

3. O xurado poderá determinar que os premios poidan quedar desertos.

- 11) A entrega de premios terá lugar o día da presentación do XXIII Festival de Bandas de Música no mencionado Hotel-Restaurante, sendo difundido polos medios de comunicación presentes. O día e data será comunicado con antelación aos premiados, que terán que asistir obrigatoriamente ao acto para recibir o seu agasallo.

12) O cartel que obteña premio quedará en propiedade da Asociación, quen fará con el o uso que estime conveniente, reservándose o dereito de reproducilo, no futuro, a tamaño natural ou reducido.

A tal fin, os cartelistas presentarán xunto coa obra unha declaración debidamente asinada co seguinte texto:

“No caso de ser gañador dun premio, pola presente cedo a propiedade da obra á Asociación Banda Unión Musical de Meaño, que se reserva a todos os dereitos sobre a mesma, incluído o de reprodución, polo período de tempo que as leis nacionais establezan”.

Serán rexeitadas as obras dos autores que non conteñan a declaración asinada incluída no sobre.

13) Os carteis non premiados serán retirados polos autores ou persoas debidamente autorizadas, aportando a fotocopia do sobre ó que se refire na Base 6ª, no prazo de 30 días a contar desde o día seguinte ó peche da exposición, transcurridos os cales entenderase que o autor cede á Asociación Unión Musical de Meaño a súa propiedade, podendo esta darlle o destino que crea conveniente.

A Asociación Unión Musical de Meaño non se responsabiliza das embalaxes e custos que conleve a retirada dos carteis.

14) A Asociación Unión Musical de Meaño non será responsable por causa algunha da perda, deterioro, extravío, etc. das obras presentadas a concurso durante o seu prazo de duración, non cubréndose póliza de seguro que cubra os devanditos riscos.

15) Será responsabilidade dos cartelistas calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría do cartel e o seu posible plaxio.

16) O fallo do xurado, que terá carácter inapelable, será elevado a acto administrativo, podendo este ser impugnado de conformidade co previsto na normativa reguladora do procedemento administrativo.

17) A presentación de traballos neste concurso implica a total aceptación destas bases.

Meaño, a 16 de decembro de 2013

A Xunta Directiva



Asociación Cultural Unión Musical de Meaño